



**DIPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE A CORUÑA**

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES  
SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A EMPRESAS AUDIOVISUAIS PARA APOIAR A DISTRIBUCIÓN, COMERCIALIZACIÓN E EXHIBICIÓN AUDIOVISUAL EN LINGUA GALEGA NA PROVINCIA DA CORUÑA DURANTE O ANO 2018**

D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que mediante resolución da Presidencia 2018/10766, do 26 de marzo de 2018, foron aprobadas as Bases reguladoras do Programa de subvencións a empresas audiovisuais para apoiar a distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2018.

Visto tamén que as citadas Bases específicas foron publicadas no BOP número 60, do 28 de marzo de 2018.

**RESOLVO:**

1º. Aprobar a convocatoria do "Programa de subvencións a empresas audiovisuais para apoiar a distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2018", de conformidade coas bases específicas aprobadas por resolución do Presidente do 26 de marzo de 2018.

2º. O Programa rexerese polas citadas Bases específicas, publicadas no BOP número 60 , do 28 de marzo de 2018

[http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2018/03/28/2018\\_0000002350.pdf](http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2018/03/28/2018_0000002350.pdf)

3º. O prazo de solicitude iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria, que se une como anexo a esta resolución, e rematará ás **14:00 horas do día 8 de maio de 2018**, tendo en conta que tanto as solicitudes como o resto da tramitación do Programa realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

4º. Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recurrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.



## DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES  
SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES

### ANEXO

#### GALEGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria do "Programa de subvencións a empresas audiovisuais para apoiar a distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2018" (FO301/2018). O texto completo do programa pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

#### **Primeiro. Solicitantes**

Poderán acceder a esta liña de axudas as persoas físicas ou xurídicas, constituídas como produtoras ou distribuidoras audiovisuais independentes, establecidas nun estado membro da Unión Europea, que acrediten que realizan as actividades obxecto deste programa

Por empresa produtora entenderanse as persoas físicas ou xurídicas que estean legalmente constituídas. A empresa produtora debe posuír a titularidade de, como mínimo, o 20% da propiedade do negativo e dos dereitos de explotación da obra audiovisual, o que se deberá acreditar coa certificación do Instituto da Cinematografía e das Artes Visuais ( en adiante ICAA ) ou mediante unha auditoría de custes.

Por empresa distribuidora entenderase a persoa física ou xurídica inscrita no rexistro do ICAA como empresa distribuidora e titular dos dereitos de exhibición "theatrical".

#### **Segundo. Obxecto**

Contémplanse dúas modalidades no obxecto deste programa.

a. O apoio aos contidos audiovisuais galegos (longametraxes, curtametraxes, documentais, etc. feitas en Galicia) para a súa distribución e exhibición en lingua galega (VO, VOSG ou dobraxe ao galego) na provincia da Coruña.

b. O apoio á distribución en lingua galega (VO, VOSG ou dobraxe ao galego) de contidos audiovisuais non galegos (longametraxes, curtametraxes, documentais, etc. feitas fóra de Galicia) no territorio da provincia da Coruña.

Para os efectos deste programa, entenderase por distribución, exhibición e comercialización da produción audiovisual todas aquelas actividades que teñan por obxecto a promoción e difusión de producións cinematográficas e audiovisuais (ficción, documental e animación), de calquera duración e en calquera dos formatos e medios de difusión.

#### **Terceiro. Bases reguladoras**

O Programa rexirase polas Bases específicas, que foron publicadas no BOP número 60, do 28 de marzo de 2018, dispoñibles en [http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2018/03/28/2018\\_0000002350.pdf](http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2018/03/28/2018_0000002350.pdf)



**DIPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE A CORUÑA**

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES  
SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES

**Cuarto. Cuantía**

O importe da consignación ascende a un total de 150.000,00€, con cargo á partida 0612/3341/479 do Orzamento ordinario para 2018. As axudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 1.500,00 € e un máximo de 30.000,00 €.

**Quinto. Criterios de valoración**

Os criterios de valoración das solicitudes son os establecidos na base 8 das Bases reguladoras específicas.

**Sexto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no BOP da Coruña, e rematará ás 14:00 horas do día 8 de maio de 2018.

**Sétimo. Prazo de xustificación**

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 29 de abril de 2019 ás 14.00 horas.

**Outros datos de interese**

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

**CASTELLANO**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del "Programa de subvenciones a empresas audiovisuales para apoyar la distribución, comercialización y exhibición audiovisual en lengua gallega en la provincia de A Coruña durante el año 2018"(FO301/2018). El texto completo del programa puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

**Primero. Solicitantes**

Podrán acceder a esta línea de ayudas las personas físicas o jurídicas, constituidas como productoras o distribuidoras audiovisuales independientes, establecidas en un estado miembro de la Unión Europea, que acrediten que realizan las actividades objeto de este programa.

Por empresa productora se entiende las personas físicas o jurídicas que estén legalmente constituidas. La empresa productora debe poseer la titularidad de, como mínimo, el 20% de la propiedad del negativo y de los derechos de explotación da obra audiovisual, lo que se deberá



## **DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA**

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES  
SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES

acreditar con la certificación del Instituto de la Cinematografía y de las Artes Visuales ( en adelante ICAA ) o mediante una auditoría de costes.

Por empresa distribuidora se entenderá la persona física o jurídica inscrita en el registro del ICAA como empresa distribuidora y titular de los derechos de exhibición "theatrical".

### **Segundo. Objeto**

Se contemplan dos modalidades en el objeto de este programa:

a. El apoyo a los contenidos audiovisuales gallegos (largometrajes, cortometrajes, documentales, etc, hechos en Galicia) para su distribución y exhibición en lengua gallega (VO, VOSG o doblaje al gallego) en la provincia de A Coruña.

b. El apoyo a la distribución en lengua gallega (VO, VOSG o doblaje ao gallego) de contenidos audiovisuales no gallegos (largometrajes, cortometrajes, documentales, etc, hechas fuera de Galicia) en el territorio de la provincia da Coruña.

Para los efectos de este programa, se entenderá por distribución, exhibición y comercialización de la producción audiovisual todas aquellas actividades que tengan por objeto la promoción y la difusión de producciones cinematográficas y audiovisuales (ficción, documental y animación), de cualquier duración y en cualquiera de los formatos y medios de difusión.

### **Tercero. Bases reguladoras**

El Programa se regirá por las Bases específicas, que fueron publicadas BOP número 60, del 28 de marzo de 2018, disponibles en [http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2018/03/28/2018\\_0000002350.pdf](http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2018/03/28/2018_0000002350.pdf)

### **Cuarto. Cuantía**

El importe de la consignación asciende a un total de 150.000,00€, con cargo a la partida 0612/3341/479 del Presupuesto ordinario para 2018. Las ayudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 1.500,00 € y un máximo de 30.000,00 €.

### **Quinto. Criterios de valoración**

Los criterios de valoración de las solicitudes son los establecidos en la base 8 de las Bases reguladoras específicas.

### **Sexto. Plazo de presentación de solicitudes**

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de la convocatoria en el BOP de A Coruña, y terminará a las 14:00 horas del 8 de mayo de 2018.

### **Séptimo. Plazo de justificación**



**DIPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE A CORUÑA**

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES  
SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES

El plazo para la justificación de las subvenciones terminará el día 29 de abril de 2019 a las 14.00 horas.

**Otros datos de interés**

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>